




E-Dixgal. Seguimiento de completado


1. Introducción

O obxectivo do seguinte manual é explicar a funcionalidade do Seguimento de completado e a súa utilidade nunha aula virtual.




2. Activación do seguimento de completado

1. Clic no engrenaxe e escoller a opción Editar os axustes



2. Dirixímonos á opción Seguimento e completado. Activamos o seguimento do progreso




3. E clic en gardar e presentar

3. Completado nun recurso tipo ficheiro

En cada elemento do curso o docente debe activar o completado da actividade, xa que por defecto non estará activo. Por exemplo, inserimos o recurso Ficheiro.


1. Clic en activar edición
2. Engadir unha actividade ou recurso
3. Clic en Recursos >Ficheiro




4. Engadimos o nome do recurso, por exemplo mindfulness
5. Clic na icona de engadir ficheiros



6. Escollemos o ficheiro e subímolo. Por exemplo o seguinte:
https://blog.atio.es/sites/blog/files/inline-images/edixgal_agra/mindfulness.odt
7. Sen embargo, ao estar en formato odt debemos imprimilo en formato pdf co LibreOffice
8. Procedemos a subilo



9. Dirixímonos ao apartado de Completado da actividade. E escollemos a terceira opción. Marcamos a opción "O alumno debe ver esta actividade para completala"



Se accedemos coas credenciais dun alumno, podemos observar un "check" á dereita, por defecto sen seleccionar. Unha vez que o alumno abra o pdf para proceder coa súa lectura, o sistema marcará como completado este recurso.

4. Actividade tarefa

No caso dunha tarefa, tamén se pode activar o completado.


1. Activar edición

Activar a edición

2. Clic en Engadir unha actividade ou recursos

Engadir unha actividade ou un recurso


3. Na lapela Actividades escollemos Tarefa



4. Introducimos un nome. E na descrición indicamos que o alumnado debe subir a práctica completada en formato pdf.

https://atio.es/pub/ficheiros/download.php?file=../boletin_elec.pdf

5. Sen embargo este boletín está composto por 5 follas e queremos quedar só con unha. Para iso empregamos o programa PDF Arranger ou similar e eliminamos as catro follas restantes.



6. Volvemos á tarefa e no apartado de ficheiros adicionais e subimos o arquivo en pdf

Selector de ficheiros

Ficheiros do servidor

Ficheiros recentes

Enviar un ficheiro

Descargador URL

Ficheiros privados

Wikimedia

Content bank

Anexo

Browse... boletin_elec.pdf

Gardar como

Autor

Profesor_cfrvimianzo003_20 Formacion20

Escolla a licenza

Outro

Enviar este ficheiro

7. Inserimos o texto do enunciado da práctica. Por exemplo, "Coa axuda do procesador de textos, completa a seguinte práctica. Posteriormente súbea en formato pdf"

Práctica electricidade

Coa axuda do procesador de textos, completa a seguinte práctica. Posteriormente súbea en formato pdf

Presentar a descrición na páxina da materia

Tamaño máximo para ficheiros novos: 300MB

Ficheiros

boletin_ele...

8. Dirixímonos ao apartado de Completado da actividade

Completado da actividade

Seguimento de completado Amosar a actividade como completada cando se cumpran as condicións

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala

Require cualificación O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade

O alumno debe entregar esta actividade para completala

Agardase completala en 10 Decembro 2021 11 47 Activar

E deixamos as opcións en función das nosas preferencias. Pinchamos en Gardar e volver a materia

Gardar e volver á materia

9. O alumno visualizaríao do seguinte xeito:

Sección 3 O seu progreso

Mindfulness

Práctica electricidade

5. Informe de seguimento de completado

O completado non só é útil para o alumno, pois a plataforma ofrécelle información sobre as partes que xa visualización así como das tarefas pendentes por entregar. Tamén é moi útil para o docente, pois cunha ollada rápida pode observar o ritmo de traballo dos alumnos.

1. O docente pincha en Informes dentro do bloque de Administración



2. E concretamente escolle o informe de Completado da actividade



3. E visualizaremos a seguinte información:

Nome / Apellido	Centro educativo	Mindfulness	Práctica electricidade
Alumno_cfrvimianzo003_01 Formacion01	100450052	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Alumno_cfrvimianzo003_02 Formacion02	100450052	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Alumno_cfrvimianzo003_03 Formacion03	100450052	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>